

As obras do Museo Arqueolóxico de Ourense finalizarán en 2026

Páxina IV



Ampliación do polígono do Pereiro de Aguiar

Páxina VI



LXV Festa da Lamprea en Arbo

Páxina IX



A Casa do Conde será un espazo enogastronómico

Páxina XI



Festas de San Telmo e Semana Santa en Tui

Páxina XII



Henrique Monteagudo novo presidente da RAG

Páxina XVI



XLV Feira do Viño de Amandi

Páxina II

Entrevista



Yanina Hallak e Andrés Villa | Responsables do proxecto "OSSIE" e propietarios da empresa UARX Space

"O vehículo de transferencia orbital OSSIE é o noso maior desafío"

Páxina XV

Sanmiguel

Fiestas temáticas 2025

Menús típicos y Animación musical en directo específicos de cada tema

Calle San Miguel, 12. 32002 Ourense
Información e reservas 988 236 006 / 636 727 585
info@sanmiguelourense.com

Noche Feria de Abril

Flamenquito y sevillanas con Pablo Oñós
25 de abril ás 21:30h.

Noche mejicana

Mariachis
9 de mayo ás 21:30h.

Figúrense en



OURENSE

XLV Feira do Viño de Amandi en Semana Santa

Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober, presentou na Capela de Portabrosmos, na ribeira de Chanteiro, a programación da XLV Feira do Viño de Amandi, as actividades que forman parte do Mes do Amandi e o cartel anunciador, cuxo autor é o murciano Rubén Lucas García. Estivo acompañado por parte do equipo de goberno, adegueiros e viticultores.

Este ano o convidado de honra é o Concello do Incio, nunha edición da feira que novamente vai comezar o venres 11 de abril e estenderse durante o sábado e domingo de Ramos. Para a presente edición están inscritas 22 adegas da subzona de Amandi. A adega encargada de inaugurar a Feira será A Cividade, ao cumprirse o décimo aniversario do falecemento do seu fundador, José Vero Rodríguez.

A programación da feira do viño comezará o venres 11 de abril. Ás 19.30 horas inauguración a cargo da Adega Cividade de Outeiro-Bolmente, en lembranza de José Vero Rodríguez. Ás 20.00 horas actuación da batucada X de L. As 22.30 actuación de Louband. Ao día seguinte, sábado 12 de Abril, ás 11.00 horas apertura de stands. Media hora máis tarde, actuación dun Grupo de Música Tradicional, a través do programa Tradigalu da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Ás 12.30 horas actuación da Banda de Música de Sober. Ás 17.00 horas comezo da Precata Oficial. Ás 18.30 horas actuación da Batukada Baturreuca. Ás 21.30 horas actuación de Lucía Pérez. Ás 23.00 horas actuación de Gin Toni's.

O domingo 13 de Abril, ás 10.45 horas actuación da Charanga NBA, de Chantada. Ás 11.00 horas pasarrúas coa Banda de Música de Sober. Ás 11.15 hora actuación da batukada Tukupá. Ás 11.30 horas comezo da Cata Final Oficial. Ás 11.30 horas misa solemne coa bendición de Ramos, na Igrexa de Sober. As 12.00 horas animación cunha selección



de Tunas de Madrid. Ás 12.30 horas recepción de autoridades na Casa do Concello. Ás 13.00 horas pregón a cargo da cantante do Incio Lucía Pérez. Ás 13.30 horas entrega de premios. Ás 17.30 horas actuación da Charanga NBA, de Chantada. Ás 18.00 horas actuación de Gaitukada Aikirindo. Ás 19.30 horas baile coa orquestra Los Satélices.

Cata de viños

Cun xurado profesional integrado por membros da Federación Española de Enólogos, celebrase una precata e cata final dos viños expostos na Feira.

Entréganse tres primeiros premios para viños tintos da anada de 2024, un premio para viños brancos da anada de 2024, un premio para viños rosados da anada 2024, un premio para viños tintos de anadas anteriores a 2024, e un premio para viños envellecidos en barrica. Organiza: Vinosacra.

Lucía Pérez será pregoeira da festa

Lucía Pérez, cantante natural do Incio, será este ano a pregoeira da XLV Feira do Viño de Amandi. A moza da Terra Brava ofrecerá un concerto o sábado 12 de abril pola tarde e pronunciará o pregón o domingo ao mediodía.

Lucía Pérez leva máis de 20 anos de carreira, ten sete discos publicados e foi representante de España no Festival de Eurovisión e en Viña del Mar. A cantante é unha das artistas polas que o Concello de Sober ten optado en diferentes celebracións, como as Festas do Carme de setembro, nas que participou en máis dunha ocasión.

O Incio terá dobre protagonismo nesta edición da XLV Feira do Viño de Amandi, posto que, ademais de ser o lugar de nacemento da pregoeira, será o concello homenaxeado este ano.

O 15 de marzo deuse se a coñecer na capela de Portabrosmos



Lucía Pérez, á esquerda, con Tina Gutiérrez, soprano asturiana nunha actuación en Oviedo.

a programación do Mes do Amandi, o programa completo de actividades da XLV Feira do Viño de Amandi e o cartel anunciador, obra de Rubén Lucas García.

XLV FEIRA DO VIÑO DE AMANDI



Mes do Amandi con actividades lúdicas, culturais e deportivas

A programación do denominado Mes do Amandi comezou a sábado 15 de marzo ás 12.00 horas na Capela de Portabrosmos coa presentación do cartel da XLV Feira do Viño de Amandi, xunto coa programación de actos do Mes do Amandi e da Feira. Ás 19.00 no Centro Sociocultural de Sober Cine-concerto, Sete oportunidades de Buster Keaton coa música en directo de Caspervek organizado pola Sociedad Filarmónica de Monforte.

O martes 1 de abril ás 12.00 horas na Escola de Hostalería de Rosende haberá xornada técnica e cata comparativa de viños Mencía de diferentes D.O. Dirixe: Alfonso Losada Quiroga. Martes 8 de abril de 10.00 a 14.00 horas no Centro Sociocultural de Sober “VI Concurso de Sumillers”. Organiza: Escola de Hostalería de Rosende. Sábado 12 de abril: Ás 19.00 horas no Hotel Aurea Palacio de Sober: Concerto “Á luz das candeas”.

Do 11 ao 13 de Abril: Encontro Nacional de Emprendedores Creativos na Ribeira Sacra. Hotel Aurea Palacio de Sober e Parador de Turismo de Monforte. Organiza: España Creativa.

Asamblea Nacional da Federación Española de Enólogos. Do 11 ao 13 de Abril no Hotel Aurea Palacio de Sober. Organiza: FEAE (Federación Española de Enólogos).

Do 20 de marzo ao 30 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XLV Feira do Viño de Amandi.



As actividades realizadas no mes de marzo comezaron na Casa Grande de Rosende cun Taller de Campo: Inspirar. Filmar. Expirar. “La aventura de habitar lo filmado” con Oskar Alegría baixa a organización de La Plantación. O martes 18 na Biblioteca Pública Municipal presentouse o poemario Maloma de José Carlos López Valcárcel organizado polo Club de Lectura Pintor de Castinandi. O xoves 20 na Escola de Hostalería de Rosende, houbo xornada de maridaxe: viño de Amandi con produtos de OVICA (Ovino e Caprino de Galicia) en colaboración coa Fundación Belarmino Fernández e OVICA. Foi o venres 21 de marzo cando os participantes nas Merendas con Contos visitaron viñedos de Viticultores do Amandi. O sábado 22 de marzo no Centro Sociocultural proxectouse “48” de

Susana Sousa Dias, dentro da Primeira Mostra de Cinema Portugués na Ribeira Sacra, Vendaval, edición de Primavera. O domingo 23 de marzo houbo un circuíto comarcal de Cross escolar. Carreira de Sober, entre a Travesía de Belán e a Rúa de Canabal. O xoves 27 inaugurouse a Rúa Maruja Mallo, coa intervención do profesor Emilio Insua e o xornalista Ángel Árnaiz. O xoves 27 no Centro Sociocultural Círculo de Benestar, pimeira sesión de Autocoñe-

cemento Emocional, impartido pola educadora social Paula Santos. O día 28 en Solpor Camperpark (Pacios de Bolmente), “Diversificar para expandir e diferenciar un negocio turístico na Ribeira Sacra” organizado por o Polo de Emprendemento Ribeira Sacra. Ese mesmo día nas Merendas con Contos da Biblioteca Pública Municipal, realizouse o obradorio “Conectando en igualdade: iguais nos contos?”, impartido pola educadora social Paula Santos.

Salidas: 11:30/16:30

tren turístico ribeira sacra

aCantina @abasacra

Aba Sacra

Rte aCantina-Doade

Teléfono: 982198717-65077017

Reservas: abasacra.com

ADEGA VELLA FERACIONES

Eirexa, 14 Abeleda (A Teixeira)

Tfnos 606807897 - 660047602

info@adegavella.com

Mesón do Manolo

Restaurante - Café Bar

988 22 14 58 . Rúa Greco, 21 . O Couto . Ourense

Menú diario: 14 euros

Menú fin de semana: 18 euros.

Carta: cordeiro, ameixas, anguías, cocido galego (xoves e domingos)

Polbo de Pulpería Ruzo todos os días

OURENSE

O Ministerio de Cultura finalizará as obras no museo arqueolóxico en 2026

O Ministerio de Cultura vén de anunciar que as obras do edificio do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense finalizarán no primeiro trimestre de 2026. Así o anunciou o senador socialista Rafael Rodríguez Villarino na comisión de cultura celebrada no Senado na que destacou o “compromiso” do Ministerio e do Goberno para apertura das portas do Museo Arqueolóxico en 2026, coa execución posterior das obras de acondicionamento interior, cuxo orzamento ascende a 3.188.898,64 euros.

Rodríguez Villarino amosou a súa “sorpresa” ante as críticas do Partido Popular ao Goberno, ao que acusaron de “falla de vontade” e “abandono” cultural, histórico e artístico cara a provincia de Ourense. “É asombroso que o PP realice estas críticas cando



Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, en obras.

foi Aznar quen clausurou a actividade do museo en 2002, e Rajoy quen mantivo a inacción durante 9 dos 16 anos que pasaron ata que Pedro Sánchez reiniciou as obras en 2019”, argumentou o senador do PSdeG-PSOE de Ourense. O secretario provincial subliñou que “é o PP o principal

responsable do languidecemento cultural e museístico da capital das Burgas, pois auparon e manteñen no poder municipal a un partido que despreza a cultura con maiúsculas e que está a piques de converter o museo municipal nun bar”, en referencia a Democracia Ourenzá.

Allariz xa ten termalismo social provincial

O Hotel OCA Vila de Allariz, que recibiu recentemente a acreditación como balneario, incorporárase ao Programa de Termalismo Social Provincial que xa está en marcha. O de Allariz incorporárase a dúas

modalidades do termalismo social provincial, a de Estancias termais de 6 días (5 noites) e á do termalismo contra a soidade non desexada.

O novo centro termal da provincia é un hotel balneario de

catro estrelas e 39 habitacións situado nunha Reserva da Biosfera da UNESCO, e as súas augas minero-medicinais son oligometálicas de mineralización moi débil, con predominio de bicarbonatos clo-ruros, sodio e calcio.

Peregrinación pola Vía da Prata en Semana Santa

O Inorde pon de novo en marcha a súa iniciativa para impulsar o itinerario xacobeo Camiño Mozárabe-Vía da Prata para continuar a potenciar o incremento de peregrinos que actualmente vén rexistrando este Camiño Xacobeo.

Esta proposta, consistente en trasladar aos peregrinos en autobús a cada inicio de etapa, con regreso a Ourense ao rematar cada unha delas e co acompañamento dun guía especializado, foi posta en marcha o pasado ano con grande éxito, tal e como explica o presidente provincial, Luís Menor, “co obxectivo de achegar o Camiño Mozárabe dun xeito cómodo, doado e asequible para todas as persoas que desexen acadar a Compostela”.

Así, do 15 ao 19 de abril, ambos incluídos, os peregrinos teñen a posibilidade de realizar este itinerario xacobeo en cinco etapas de aproximadamente 20 quilómetros. Deste modo, ponse en marcha un servizo de transporte para que realicen o Camiño durante a Semana Santa, coa facilidade de que este autobús os levará ao punto de inicio da



Saída do ano pasado desde a Ponte Vella.

etapa e os recollerá ao remate para volver a traelos a Ourense. Disporán de tempo suficiente para desfrutar dos diferentes puntos de interese en cada etapa e coa garantía de obter a “Compostela” ao finalizar o itinerario.

O martes 15 realizarán a etapa Ourense – Cea (21 qms) que inclúe unha visita a Oseira. O 16 será o traxecto Cea-Dozón-Puxallos (22 qms). O 17 levará aos peregrinos desde Puxallos a Silleda (22 qms; no cuarto día, o venres santo 18 de abril, terá lugar a cuarta etapa que vai de Silleda a Vedra-Susana, sendo un percorrido de 23 ou de 30 qms (os peregrinos poderán elixir a etapa longa ou curta). O sábado santo, 19 de abril, peregrinarán a quinta etapa de Susana a Santiago (10 qms).




Restaurante A ROLA

Carta: bacallau á portuguesa, Ameixas mariñeira, Anguías, Lenguado; Chuleta tenreira. Cocido os domingos.

Menú do día 12 euros. Fin de semana 16 euros.
Abrimos todos os días.

Tfno. 613 74 99 37

Complexo Turístico O Corgo. Mugueimes. Muíños. Ourense




Carnes a la brasa premium, churrasco
Completa la experiencia con nuestras
tapas tradicionales y reinventadas

Menú del día de lunes a viernes, 15 euros

Tfnos. 604 089 757 / 988 782 028

Rúa Francisco Llorens Díaz, 17. O Couto . Ourense



A Xunta destina máis de 520.000 euros a Cáritas

Roberto Barba, director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, visitou as instalacións da casa de acollida para vítimas de trata que Cáritas Diocesana posúe en Ourense. Alí lembrou que a Xunta de Galicia destinou no 2024 máis de 520.000 euros para acometer diferentes obras de mellora no inmovible e a adquisición dun vehículo.

O director xeral sinalou que esta non é a única colaboración da Xunta de Galicia con esta entidade social en Ourense, de xeito que sinalou que nos últimos cinco anos o Executivo autonómico destinou máis de 400.000 en diferentes achegas para sufragar programas e iniciativas para mellorar



Sede de Cáritas na Praza do Bispo Cesáreo de Ourense.

a situación das vítimas e a súa calidade de vida neste recurso de atención e recuperación integral.

Roberto Barba indicou que Cáritas Diocesana de Ourense forma parte da Rede Galega contra a

Trata, polo que destacou a colaboración entre o Executivo galego e estas entidades para seguir impulsando medidas que permitan mellorar a sensibilización e atención das vítimas.

Xornadas de termalismo terapéutico

Ao longo da historia, o termalismo estivo moi relacionado coa súa vertente terapéutica, e foi nas últimas décadas cando este aspecto perdeu o seu protagonismo a favor da vertente turística.

A Escola de Enfermería de Ourense quere reivindicar un termalismo terapéutico que pode estar perfectamente hermanado aos aspectos lúdicos que rodean a visión turística. Para elo deseñou unhas xornadas de termalismo, divididas en dúas tardes do 19 e 26 de marzo.

A primeira xornada catro expertos na materia aproximáronse ao termalismo da cidade de Ourense desde a súa faceta xeo-

gráfica/histórica, turística, lexislativa e de saúde. Durante a segunda xornada mostráronse os proxectos de investigación e traballos realizados nos cales, tanto a Escola de Enfermería como o termalismo da cidade, tiveron, teñen e terán un importante protagonismo.

As Xornadas que se celebraron no Centro Cultural Marcos Valcarcel, estiveron dirixidas a profesionais da saúde e público en xeral. Participaron a directora da Escola, M^a Milagros Fernández Varela, o vicerreitor do Campus de Ourense, Francisco Javier Rodríguez Rajo e a presidenta do Colexio Oficial de Enfermería de Ourense M^a José Menor.

Sistema de monitorización de hemodinámica para o CHUO

O Servizo Galego de Saúde licita, por importe de 90.750 euros, a adquisición dun sistema de monitorización de hemodinámica compatible con resonancia magnética con destino ao Servizo de Radioloxía do Hospital Universitario de Ourense (CHUO).

Esta aparataxe permite detectar e determinar a orixe da inestabilidade hemodinámica, guiar a

elección do tratamento máis adecuado e avaliar a súa efectividade. O sistema de monitorización hemodinámica estará composto por un monitor multiparamétrico emprazado no interior da sala de resonancia magnética e un repetidor exterior ubicado na sala de control. O equipo debe permitir a monitorización de pacientes adultos, pediátricos e neonatais. Entre outros parámetros, o equipo permi-

tirá a monitorización da presión arterial non invasiva, respiración, gases anestésicos e CO₂.

A compra deste monitor multiparamétrico con parámetros hemodinámicos compatible coa resonancia magnética permitirá aplicar os beneficios deste sistema de diagnóstico, mellorando notablemente a asistencia e o equipamento da sala de resonancia magnética.



D'AURIA

Ambiente acolledor para comidas e ceas de amigos

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. 988 54 16 44. OURENSE



acouBAR

Comida tradicional galega

Especialidade: Cachopo.

Rúa Fornos, 6. Tno. 689 63 14 16 OURENSE



BAR ORELLAS

Orella, rabo, lacón, cachucha e polbo cocido e prensado. Lomo, chourizo, salchichón e marcón ibérico. Queixo manchego e Arzúa.

Santo Domingo, 2

988 37 25 59 OURENSE



PINCHOS

Brochetas

MariaTapas

Bar

TOSTAS

Raciones

Ensaladas

PLATOS

VEGETARIANOS Y VEGANOS

Rúa Unión 1

651 853 881

OURENSE

A Xunta ampliará o polígono do Pereiro

A Consellería de Economía e Industria ampliará o polígono do Pereiro de Aguiar, que conta agora con máis de cen empresas, o que suporá un incremento do 38% da superficie do parque empresarial ata superar os 833.000 m².

A Xunta comezará as obras de ampliación deste parque empresarial a finais do ano 2027 “para que este polígono sexa unha realidade e para poder empezar a instalarse as empresas a partir de 2028”, dixo María Jesús Lorenzana na súa visita ao polígono. O Pereiro de Aguiar recibiu o ano pasado case 70.000 euros da orde de axudas que o Goberno galego



Visita da conselleira de Economía e Industria.

convoca para a mellora de infraestruturas de parques empresariais. “En total no 2024 concedemos case 500.000 euros para a

habilitación e mellora de infraestruturas dos parques da provincia de Ourense”, apuntou a conselleira.

BNG pregunta ao Goberno sobre o cárcere vello

O BNG pregunta ao Goberno sobre se Ourense estará incluído no proxecto de axuda cultural para a rehabilitación do cárcere vello. Da Silva require coñecer se o Concello de Ourense solicitou a axuda para financiar os traballos de rehabilitación e conservación do vello cárcere situado na rúa Progreso. “Cando se fará a resolución? Resolvéronse xa as solicitudes de axudas? Cando ten



previsto realizar a comunicación?” pregunta Carme da Silva. O BNG rexistrou estas iniciais

tivas sobre a resolución das axudas para financiar actuacións de conservación e reforma de Patrimonio Histórico por parte do Ministerio de Transportes con cargo ao Programa 2% Cultural e o vello cárcere de Ourense.

“A día de hoxe, non temos información sobre se se resolveron e se se incorporou o proxecto de rehabilitación do cárcere vello de Ourense” sinala a senadora do BNG.

Allariz presenta a Semana Santa ao vivo



Cristina Cid e María López.

A Semana Santa ao Vivo chega a Allariz cunha proposta cultural e lúdica que converterá as rúas do centro histórico nun escenario . Do 17 ao 20 de abril, a veciñanza e as persoas visitantes poderán gozar dunha ampla programación que inclúe música de rúa, espectáculos infantís, roteiros guiados e mercados de produtos locais, nunha combinación perfecta de cultura, natureza e entretemento.

Cristina Cid e María López, alcaldesa de Allariz e concelleira de Promoción Económica, Co-

mercio e Turismo, presentaron a programación. A alcaldesa destacou que esta iniciativa marca o inicio da tempada estival en Allariz, proporcionando actividades culturais e de lecer ao aire libre que melloran a calidade de vida da veciñanza e contribúen á dinamización económica local, especialmente para o comercio.

Haberá música ao vivo para todos os públicos, espectáculos infantís, mercado da Reserva da Biosfera, roteiros e visitas guiadas para descubrir o mellor de Allariz e museos abertos para todos.



Taberna

Afouteza

Entrantes, tablas, tostas, ensaladas, huevos rotos, brochetas, ternera, pescados, arroz meloso y a la cazuela. Postres.

Tfno. 6111 18 27 93
Instagram: @afouteza
Rúa Lepanto, 14. Ourense



2º Aniversario

Las Tapitas de Marian

Empanada de maíz.
Arroz con zamburiñas. Ensaladas. Tarta de Allariz.

Rúa Lepanto, 19 . Tfno. 622 70 90 45 . OURENSE



Tapas revoltos montados

ALPENDRE PULPO

Rúa Fornos, 2. Casco Vello. Ourense



SANTABAIA
RESTAURANTE

Fins de semana e festivos
menú especial

Churrasco para levar

Menús diarios

Carta

Santabaia, 6. Tfno. 988 38 02 54. O Pereiro de Aguiar

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero.

A ver cando escampa

Un dito tradicional, moi común entre a rapazada, afirma que ten medo quen ten cu. Coma se o medo fose o culpable do cu, ou viceversa. Advirte dalgún xeito que todos temos medo ou algún tipo de medo, medos ao que nos poida pasar, ao que poida vir, ás consecuencias derivadas dun erro, mesmo medo ao mesmo medo. Un medo moi común pois sabemos que os medos nos paralizan e coutan, impiden a soltura e a necesaria prestancia deixándonos inhibidos e torpes, inmobilizados. Todo isto sucede a todo ser vivo, mesmo aos animais. De aí o dito aquel que fala do gato escaldado que rexeita da auga fría.

Medo, medos, canguelo, covardía, temor, sospeita, terror, receo, sobresalto. Xa na historia se relatan aconteceres do medo, xa os feitos abundan para ir afacéndonos a ter medo, esa difícil aprendizaxe do sosego, de sabernos e respirar, pensar, valorar e reaccionar o mellor que poidamos, porque o medo, queiramos ou non, cega e dificulta a paz. Penso agora no medo, nestas circunstancias de actualidade que nos fan lembrar aqueles episodios da historia nos que os humanos deixámonos levar da deshumanización. Si, de Hitler e Franco e tantos iluminados que no mundo foron,



cos horrores que ecoan e aínda viven, aínda veñen. Velenos e odios imperaron e foron artificio de inimizadas e xenreiras. Bombas, guerras, horrores das Guerras Mundiais. A Bomba atómica, as posibles guerras nucleares. Falta de entendemento, o abuso duns cantos. A polarización eterna dos polarizados en si mesmos. A división en hordas enfrontadas que buscan inimigo, ou invéntano créndose na ilusa posesión da verdade e a razón, desde ese sentido que frustra e complica a brevidade das nosas vidas. Horizonte onde non se comprende á xente diferente e non se acepta. E se é diferente, pasa a ser inimigo. Ignoran a riqueza en agasallo de ser quen

somos, por obra e graza da diferenza.

Os tempos preséntanse con advertencias. Veñen medos, diferencias e polarizacións, as non aceptacións dese diferencialismo que nos caracteriza e enriquece, para facernos únicos. Si, lonxe de ser un campo minado para os que pensan mal e desconfían, para os que se pensan por riba dos demais. Son tempos nos que vencen os peores, á vista está. Son mala xente. Teñen a cara avinagrada con enormes ansias de vinganza e unha ideoloxía de crimes e delitos ás costas, de revisión. Son monstros no abuso, na ideoloxía pervertida de tantos esbirros que só con pensalo da calafrios. Miren a cara, os acenos, as danzas satisfeitas dos seus desmáns. Garanten unha nova orde no mundo, descaradamente a aberración e a dor constante. Os tolos están no poder, poden facer moito, moito dano ás estruturas tan dificilmente creadas no equilibrio para que vexan luz dereitos humanos que se pensaban conseguir. Son mala xente, violenta e denuncian, reclaman, demoran, acosan, perseguen, reprimen, dominan, prohiben, encarceran, axitan, ameazan, menten, castigan a quen non pensa como eles. Pensan inxectando veneno na sociedade, creando novos inimigos, invadindo o que non lles pertencen, colonizando, creando fronteiras e muros, difamando e convulsionando desde o terror e as armas de última xeración. En parte temos culpa de deixalos

medrar, andaban silandeiros á esprieta.

Ata aquí chegamos e sabémonos cercados cunha disposición mínima para non convulsionar, soñando aínda aquel estado de benestar, reconciliados na diferenza e aprendidos de certa luz da historia que se volverá repetir por non ter aprendido debidamente. Vendo que isto dure pouco e que vén de antigo, nunha nova polarización absurda, como todas. Demostrouse que funciona a mentira e o espellismo. Mais isto non pode ser bo. Aproveitan a impunidad que lles dá o poder, conseguido como sexa. Cremos ter aprendido algo e non tomamos as debidas precaucións que xa a historia contaba. Non deberíamos fiar da falta de memoria -aínda próxima- onde evocabamos a fraticida guerra que aínda invita a lembrar as aberracións e horrores, dores e feridas que non curaron, incapaces de comprendernos.

Temos cu, polo tanto temos medo. A ver se polo menos reaccionamos causándonos o mínimo dano porque así caen os imperios e novamente nacen outros, no desexo do equilibrio e a harmonía da paz pero lonxe delas. Non deixa de ser unha perda enorme de tempo e de ilusións. A ver cando escampa!



Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Victorino Gutiérrez Aller, notario galeguizador

Cóñecín a don Victorino Gutiérrez Aller, exnotario de Lalín, hai ben anos. Quizais foi a finais dos anos oitenta cando contactei con el mantendo unha longa amizade baseada no compromiso e lealdade co país. Daquela, a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, á que el pertencía, decidira ampliar os espazos da galeguización nos usos xurídicos. Para sensibilizar a mobilizar a xuíces e persoal das notarias organizáronse xornadas de formación. Reforzarase aquel traballo intenso coa creación do Seminario de Liguaxe Xurídica e Administrativa, con sede no Instituto da Lingua Galega, coas importantes achegas económicas que fixeran trinta e cinco concellos (entre os que estaban Vigo, Ourense, Santiago...) a razón de 5 pesetas/habitante.

Levados polo entusiasmo convocamos a un grupo numeroso de prestixiosos xuristas, onde foi deseñada a estratexia a seguir para normalizar o uso da lingua galega nos procedementos procesuais e notariais.

Por aqueles anos don Victorino publicou



o Formulario Notarial, un manual con toda clase de protocolos de habitual tramitación. O libro levaba incorporado un disquete informático. Foi así como desactivamos a argallada de moitos notarios para non implicarse na galeguización dos actos xurídicos documentados. Victorino predicou co exemplo e converteuse no epicentro da galeguización dos protocolos notariais; de vez redactou máis de doce mil títulos de propiedade da concentración parcelaria na comarca do Deza en lingua galega.

Converteira o seu despacho profesional

nunha aula de galeguización pola que pasaron moitos centos de persoas. De oficio escribía no noso idioma testamentos, actas notariais, constitución de sociedades mercantís e outros variados documentos. Despois da preceptiva lectura dos instrumentos xurídicos perante os interesados, sempre había alguén sorprendido e desconfiado da súa validez que, iso si, con moito respecto preguntáballe: Don Victorino isto está en galego, e valerá?. Cun sorriso engaiolador, porque o notario de Lalín era un home afable e seductor, dícialles que si. Ah!, sendo así, non se fale máis, sentenzaban os interesados.

Victorino foi sempre un bo conselleiro para os que acudían á notaría para formalizar un testamento. Suxeríalles a todos que incorporasen unha manda referida á lingua galega que obrigase aos beneficiarios do legado que mantesen enceso o amor pola lingua e a cultura galega que el recibira dos seus devanceiros, para que a defendesen e llela retransmitisen a súa vez aos fillos.

Os protocolos notariais de Victorino son pezas de excelsa literatura xurídica, escritas nunha prosa de esmerado estilo; da mesma calidade que utilizou na escrita das súas obras literarias. Sempre fuxía da vulgaridade, propia de notarios que redactaban con desleixo documentos de transcendental importancia para os interesados e comunidade familiar. Dese bo

facer queda un relato seu publicado no libro "Contos da Xustiza" editado pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística coa finalidade de animar aquel proceso galeguizador que aínda hoxe debemos seguir promovendo.

O próximo día 5 de abril, ás 13:30 horas, a Irmandade Xurídica Galega, en cuxa constitución puxo Victorino gran empeño, descubrirá unha placa conmemorativa louvando a súa memoria, no edificio núm 8 da Rúa Principal da Vila coa colaboración do Concello.

En xuño, coincidindo coa celebración da asemblea anual da Irmandade Xurídica Galega, está prevista a inauguración dun busto de bronce que será ubicado nas inmediacións da Facultade de Dereito de Santiago a carón do de Fermín Penzol, Rexistrador da Propiedade, para que os futuros xuristas teñan constancia, alomenos, de dúas figuras senlleiras do galeguismo xurídico.

Galicia, un país no que unha porcentaxe moi significativa da poboación é propietaria dalgún ben, cómpre que o asociemos á lingua galega, formalizando a titularidade rexistral no noso idioma nos instrumentos xurídicos notariais.



OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

Altri vai ser a cuestión central desta lexislatura

Este último venres, 14-M, coñeceuse a publicación no DOG da declaración de impacto ambiental (DIA) favorable ao proxecto de celulosa Gama (no que a portuguesa Altri partilla cun 75%). Moitos expertos en patrimonio cultural, hidroloxía, bioloxía, ambientais ou edafólogos consideran (velai o recente informe do Consello da Cultura Galega <https://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4515> e outras análises recentes) que o proxecto pon en risco os principios de prevención e precaución ambientais. Velai as amplas posibilidades dunha xudicialización futura perante o TSXG (a DIA non é recorrible por seren un acto de trámite, mais a autorización administrativa que aprobe o Consello da Xunta de Galicia-competente por ter sido declarado o de Altri proxecto estratéxico- si é recorrible), sendo probable, consonte coa xurisprudencia deitada polo TSXG nos procedementos das autorizacións eólicas ultimos ao abeiro destes principios ambientais do Dereito europeo, que a xustiza suspenda a autorización e, xa que logo, a execución do proxecto Altri, sendo moi improbable que o Tribunal Su-



premo revogue a decisión que adopte o TSXG canto medidas cautelares, tendo en conta a falla de suceso que están acadando as promotoras eólicas contra decisións análogas de suspensión cautelar.

Ese río xa chegará e, entón, haberá que atravesalo. Mai hai unha vertente que se esquece moito máis cando analizamos este proxecto tan discutíbel e tan pouco aprezado polo conxunto da cidadanía galega, nomeadamente no val do Ulla, ría de Arousa (Norte e Sur), A Ulloa, o Deza e as

Terras de Arzúa e Melide. É dicir, na liña transversal central da Galicia, das portas de Lugo ás portas de Pontevedra e Vilagarcía pasando polas de Lalín e da propia Compostela, capital do país. E esta vertente é o seu absurdo económico e empresarial, a súa caracterización de proxecto de enclave para o aproveitamento do eucalipto nun territorio de sacrificio. Como dicía este domingo 16-M David Chipperfield, alén do seu stress biolóxico, é absurdo un proxecto que prioriza a explotación forestal do eucalipto impedindo o desenvolvemento da vocación produtora de alimentos das bisbarras afectadas, Xusto nuns tempos que existen gañarmos a autonomía alimentaria, no nivel galego e no nivel europeo.

Que políticos sen sentido estratéxico como Ángeles Vázquez, Paula Prado ou o alcalde de Palas de Rei teimen en facer de Altri o seu leit motiv é lóxico no contexto do que fan e representan estas persoas. Mais semella ilóxico (diría que alarmantemente ilóxico) a falla de sentido político que dende marzo de 2024 está a amosar o presidente Rueda neste tema.

Porque este vai ser a cuestión recorrente toda a lexislatura, o eixo da mesma. E vai representar a loita entre o poder e a alternativa de poder. Rueda desprezou a coalición de sectores produtivos, sociais, veciñais-cidadás, culturais (velai o berro unánime do audiovisual galego, na Festa dos

Mestre Mateo este sábado 14-M) e, tempo por diante, esta coalición pode pasarlle por riba.

A arrincadeira. Non foi un escrache.



Rueda e o seu Goberno foron ben escollados por Nuñez Feijóo en dous deportes que practicaba moi ben: botarlle e a culpa aos demais e facerlle oposición á oposición. O domingo 9-M o colectivo Ulloa Viva partillou nunha celebración municipal do Día da Muller na parroquia melidá onde a conselleira Ángeles Vázquez ten a súa orixe e unha residencia familiar. Fontes directas manifestan que as persoas que reclamaban contra Altri (e contra as evidentes responsabilidades da conselleira a respecto do proxecto) atopábanse a máis de 200 mts da vivenda da familia da conselleira, sen que ningún cargo orgánico ou institucional do BNG partillase nesta demostración, como fontes do PP espallaron nos medios e nas redes sociais.

O escrache é unha inmisión na intimidade persoal e familiar e, xa que logo, é inadmisíbel politicamente e mesmo pode constituir un delito de coaccións. Mais semella que este 9-M nesta parroquia arzuá non houbo escrache ningún e si xogo revoltado do PP para que no canto de ollar cara á lúa ollemos cara ao dedo.

Por Nemésio Barxa

Porque o odio do PP ao povo galego?

Básico num governo é sua lealdade com o povo que o elegeu e ao que governa. A mínima exigência a um governante é ter respeito pelo povo que governa. Se um governo não quer a seu povo que apesar de isso o vota, ele saberá os motivos, mas pelo menos deve haver respeito. E este governo de Galiza, com seu Presidente á fronte e também o presidente anterior, tem amplamente demonstrado que pelo povo galego não sente nem o mínimo de carinho, sente por contra dependência, admiração e submissão por Madrid, tampouco respeito pois denigra seu sinal de identidade que é o idioma. E se o desrespeito já o iniciou com o des-

pojo do patrimônio dos galegos a traves da desfeita de suas Caixas de Aforros, agora chega o último, de momento, chanzo com altas doses de cinismo e desprezo para um povo galego que se vê agredido no mais íntimo, saúde futuro e economia, a destruição do projeto de vida da gente. A Xunta implicasse interessadamente no projeto de uma empresa estrangeira (mas com uma socia chamada Grenalia na que tem um importante carrego a Sra. Mato, uma antiga Conselheira), a tão mencionada ALTRI. Centro do agravio é Palas de Rei, mas estende seus efeitos de morte a toda a comarca do rio Ulla e a toda a unidade ecogeográfica que forma

com a Ria da Arousa, com setor primário do marisqueo em causa, numa comarca com rico desenrolo económico muito dependente do medioambiente. Nem as protestas desde toda a geografia galega, os 500 barcos na Pobra do Caramiñal. As Alcaldías do Ulla, os Alcaldes da Barbanza, as Confrarias marinheiras da Arousa nem o imenso berro em Compostela conseguem empatia de uma Xunta inimiga dos galegos. Xunta que ademais pretende que a instalação da macrocelulosa seja financiada com 250 M/€ do erário público, é dizer, com nosso dinheiro, mentras falsifica informes de avaliação e ignora por completo a ruína que supõe diretamente para todos os vizinhos das comarcas do Ulla e mais da Arousa, anunciando torticeramente a criação de 500 postos de trabalho, que no melhor dos casos não compensariam nem uma percentagem mínima de que existe e que também no melhor

dos casos converte-ria em assalariados a uma grande maioria de esses vizinhos empresários autônomos de empresas da ganderaria, do leite e sua transformação nos melhores queijos, do marisqueo, da pesca, etc., além do desastre ecológico que acarrearía e sua afeção ao Caminho de Santiago. A gente sai massivamente á rua a manifestar-se, mentras a Xunta compra vontades dos médios públicos, ampliando as habituais ajudas com a compra de 425.000 exemplares de jornais afins ao PP para repartir em colégios ou paga artigos a 4.800€, todos com maioria da escrita em castelhano, nem um dos jornais ou revistas em galego.

Quinta do Limoeiro, abril 2.025



Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Roberto Mansilla Blanco - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - Pérez Lema - X. Glez. Mtnéz. - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Isidoro Gracia - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Francisco Puñal.
PAIS BASCO: Nicolás Xamardo.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex.

Depósito legal: VG-138-2015



Programa

LXV Festa da Lamprea

Domingo 20

18:00h **Gala da Lamprea** no centro Multiusos de Arbo. Coa actuación de **Sheila Patricia**.

Venres 25

17:30h Inauguración da **XXIX Arbomostra**
18:00-24:00h visitas a Arbomostra
18:00h Pasarrúas da charanga **Noroeste**
20:30h Actuación do grupo **Mel de Meiga** na Arbomostra
Pola noite actuación das orquestras
New York, na Praza do Consistorio
Satélites, na rúa Luís Cubelas


Sábado 26

11:00-24:00h visitas a **Arbomostra**
11:00h Pasarrúas da Banda de Música Municipal de Arbo
12:00h Concerto da **Banda de Música Municipal de Arbo** na Praza Consistorio
12:30h Recepción de autoridades no Concello
13:00h **Pregón**
13:30h interpretación de himnos pola Banda de Música Municipal de Arbo
14:00h Actuación do grupo **O Son das Tabernas**, na Arbomostra
15:00h **Xantar da Lamprea**
17:00h Pasarrúas da charanga **Cantos Somos**
19:00h Grupo folclórico **A.C. A Barca de Loimil**, na Praza Consistorio
20:30h Actuación do grupo **Pepe Piña e Os Robinson**, na Arbomostra
Pola noite actuación das orquestras
Cuartá Calle, na Praza do Consistorio
Gran Parada, na rúa Luís Cubelas

Domingo 27

11:00-22:00h visitas a **Arbomostra**
11:30h Pasarrúas da charanga **Encerellados**
12:00h Pasarrúas e concerto da banda de música **Unión Musical de Valladares**, na Praza Consistorio
13:30h Actuación do grupo **A Xaiva**, na carpa Arbomostra
17:00h Pasarrúas da charanga **Encerellados**
18:30h Actuación do grupo **Prisma** na Arbomostra.
Pola noite actuación das orquestras
Combo Dominicano na Praza Consistorio
Charleston Big Band na rúa Luís Cubelas

Arabo. Centro de interpretación do viño e da lamprea. Visitas guiadas. Venres 25 e sábado 26 ás 11:30h, 13:00h, 16:30h e 18:00h, domingo 27 ás 11:00h e 13:00h. Información e reservas no 986 665 778 e museoarabo@concellodearbo.gal



Homenaxe aos Pescadores do Miño

No marco da LXV Festa da Festa da Lamprea, o Concello de Arbo realizará unha homenaxe a todos aqueles pescadores e pescadoras da Ribeira do Miño que fixeron parte da antiga tradición de pesca nas Pesqueiras. Personalizarase galargonando como Arbense Distinguido a Severo Alonso Simón, pescador de maior idade e Generosa Tato Nicolao, única muller pescadora na actualidade, ambos herdeiros desta tradición que forma



parte do patrimonio arbense.

ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓNES COAS INSTITUCIÓNES PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B Ponteareas T. 986 66 00 00

forjados hinos. duran s.l.

www.forjadosduran.com

CONDADO/PARADANTA

Máis seguridade na intersección da PO-400

O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, e o Alcalde do Concello de Arbo, Horacio Gil, anunciaron a licitación dunha obra de mellora de intersección na PO-400, cuxo prazo para recibir solicitudes remata o 9 de abril.

Cun orzamento de 300.000€, os traballos levaranse a cabo na zona que vai do acceso a Mandelos ata o acceso ao lugar de Cequelinos e consistirán na instalación dunha glorieta de 15 metros de radio que permitirá aliviar o tráfico desta zona e reordenar as interseccións próximas. Ademais, instalarase unha nova marquesina e



habilitarase un espazo para que os autobuses poidan parar de forma segura. As actuacións tamén permitirán mellorar o trazado da antiga PO-400, ampliando os carrís

ata os tres metros de ancho, así como as beiravías. Ademais, rehabilitarase o pavimento en todo o trazado.

Mellora viaria en Mourentán

O Concello de Arbo, levará a cabo a mellora do vial de Abelenda na parroquia de Mourentan, co fin de garantir a seguridade viaria nesta zona da parroquia. Este contrato conta cun investimento de 100.148,63

euros por parte da Deputación de Pontevedra e o prazo de execución das obras esta previsto en dous meses, a partir da firma do contrato coa empresa adxudicataria. A obra atópase en período de licitación a través da Plataforma

de Contratación do Estado.

Esta actuación reformará o muro de contención derruido, mellora da drenaxe superficial e reposición do pavimento do vial que comunica os lugares de Abelenda con Riás, en Mourentán.

Seguridade e accesibilidade en Sela

Cun orzamento de 60.859,91 € financiado pola Deputación a través do Plan +Provincia 2025, o Concello de Arbo mellorará as zonas

viarias da parroquia de Sela que dan acceso a varias vivendas e cun pavimento de material granular con importantes perdas de material, orixinando dificultades

na circulación na zona, así como un estreito en moitas zonas que non permite acceso a servizos de emerxencia como ambulancia ou coche de bombeiros.

Trampas contra a velutina

Do 3 ao 30 de marzo, o Concello de Arbo abriu o prazo de solicitudes para que a veciñanza poida conseguir de xeito gratuito as

trampas e os botes de cebo necesarios contra a avespa velutina. Desde 2021, o Concello ten entregado 150 trampas e 500 botes de líquido de cebo.

Trámites para os postos da Festa da Lamprea

O Concello de Arbo abriu dende o 7 de marzo ata o 14 de abril o prazo para solicitar os postos de venda e de atraccións para a LXV Festa da Lamprea a celebrarse do 25 ao 27 de abril.

Os interesados en obter autorización deberán cubrir a solici-

tude oficial e a Declaración Responsable e presentalas no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica do Concello, acompañada pola documentación requirida na normativa vixente. O Concello asignará os espazos atendendo a criterios técnicos e de disponibilidad.

Obras no manantial en Monte do Muíño

Cun investimento de aproximadamente 45.000€ financiada pola Deputación, o Concello de Arbo realizará obras de "Apertura de Manantial en Monte do Muíño" para mellorar o abastecemento municipal.

Actualmente o Concello dispón de catro Depósitos de Abaste-

cemento de Auga Potable principais, sendo estes na Igrexa de Santa María, no Couto, no DAP de Abelenda e o anteriormente mencionado do Monte do Muíño. Todos estes depósitos son abastecidos por bombeos de captacións con auga achegada por mananciais naturais.

Máis información na nosa web

www.novasdоеixoatlantico.com

TRIFOLIUM INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
☎ 653 047 430 / 886 216 505 ✉ lgtrifolium@gmail.com

papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es ☎ 623 530 294

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

AS TAPAS GALEGAS DE TODA A VIDA

PETISQU'EIRA
Rosalia de Castro, 62 - Telf: 639 244 940
SALVATERRA DE MIÑO

TRAGAD'EIRA
Santa Ana, 3 - Telf: 694 416 706
BOUZAS - VIGO

Bodegón

A Casa do Conde será un espazo enogastronómico

O presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Terra e Auga, Pablo Castillo, e a Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, asinaron un convenio de colaboración para transformar a Casa do Viño (do Museo da Ciencia e do Viño do Condado do Tea) nun espazo enogastronómico, onde os visitantes poidan coñecer e disfrutar dos produtos vinícolas e gastronómicos locais, enriquecendo así a oferta do museo, a promoción dos produtos locais e dos atractivos turísticos do Condado Paradanta.

Este museo é un dos maiores espazos de divulgación da viticultura e enoloxía de España e conta cun marco expositivo in-



comparable: o Castelo de Doña Urraca, cuxo trazado moderno Ben de Interese Cultural dende o pertence ao século XVII e que, xunto á Fortaleza, está declarado ano 1949.

Abril de Ruta Pinchoterra

O Concello de Salvaterra e hostaleiros locais presentaron a programación da II Ruta Pinchoterra que terá lugar os xoves e venres do mes de abril e participarán 25 establecementos.

Trátase de pinchos cunha elaboración coidada a un prezo de 3 euros que poderán consultar a través da páxina web da ruta. En pinchoterra.concellodesalvaterra.com atoparán horarios de cada local, ubicacións, imaxes dos pinchos e premios. Os clientes deberán selar en cada pasaporte con 6 selos diferentes e votar polo seu pincho favorito deposi-



tando a papeleta nalgunha das urnas para entrar no sorteo dun vale de 200, outro de 100 e un terceiro de 75 euros para gastar nos establecementos adheridos ademais de 35 premios máis. Entre todos os pasaportes cubertos, coñeceremos o pincho gañador que se levará unha noite con almorzo e spa para dúas persoas.

O Concello de Salvaterra reparte trampas contra a vespa velutina

Un ano máis e como ven sendo habitual nesta época do ano, o Concello de Salvaterra de Miño lanza unha campaña de concienciación ante a Vespa Velutina e a partires do día 1 de abril

estarán a disposición dos nosos veciños e veciñas 150 trampas e 300 doses de líquido atraínte para loitar contra a súa proliferación. Este é o tempo do trampeo, pois é o momento de coller ás raiñas.

Acceso autónomo á Biblioteca Municipal



O Concello de Salvaterra inaugurou un novo servizo pioneiro de acceso autónomo para a Biblioteca Municipal a través de tarxeta que permite ós usuarios e usuarias facer uso das instalacións nun

horario ampliado. Ata o momento preto de 50 persoas xa recolleron a tarxeta de acceso e poden estudar nun horario de luns a xoves de 08:00 a 22:00 horas e de venres a domingo de 08:00 a 00:00 horas.

A Sementeira máis inclusiva

A organización Cultural Quinta do Piñeiro ven de anunciar que a edición XVII da Festa da Sementeira e Música será máis inclusiva de todas as realizadas anteriormente.

Participarán colectivos o CRA A LAGOA, un Colexio Rural Agrupado, que imparte as ensinanzas

de educación infantil, e que está formado por sete escolas unitarias de Salvaterra; e ADAPTA, unha asociación de persoas con discapacidade das comarcas do Condado e Paradanta. Ademais, o colectivo de persoas xordas contarán no momento dun pregón cunha persoa experta en Lingua de Signos.

"Salvaterra no Camiño!" polo itinerario Portugués

Unha nova edición de "Salvaterra no Camiño!" será organizado polo Concello tralo éxito da edición de 2024, que contou cun centenar de participantes. Nesta ocasión o trazado elixido será o Ca-

miño Portugués, que terá saída en Tui ou Porriño, de acordo á elección de cada peregrino, con cinco etapas que comezarán o 16 de abril e rematarán o domingo 20 en Compostela, coincidindo coa Semana Santa.

Renovación no Parque da Canuda

A Xunta de Goberno do Concello de Salvaterra ven de dar luz verde ao proxecto de mellora do parque infantil e área deportiva do Parque Público

A Canuda, por un importe de máis de 150.000€, para presentar a través da liña de inversión municipal do Plan +Provincia 2025.

CERRAJEROS Y MULTISERVICIOS HOGAR

O REMENDÓN

637 764 865

www.cerrajeroremendon.es

24h.

ELECTRICIDAD IN.M.A.C. CONDADO S.L.

Calefacción eléctrica

Instalaciones y montajes eléctricos

Servicio de averías y mantenimiento 24 horas

Telf: 986 658 207 - 651 860 155 - 651 860 185

Pol. industrial Chan da Ponte

36450 - SALVATERRA DE MIÑO

LA OJIVA

ESPACIO GASTRONÓMICO

San Roque, 74 - Leirado - Salvaterra de Miño

Telf: 659 374 868 - laojivagastronomica@gmail.com

BAIXO MIÑO


TUI

Festas de San Telmo e Semana Santa

O Concello de Tui presentou case simultaneamente as respectivas programacións para as Festas da Semana Santa e de San Telmo 2025 na que destacan unha oferta de actividades ampla e variada que, segundo a concelleira de Cultura, Sonsoles Vicente, pretende “dar a coñecer a riqueza de Tui”.

As actividades para a Semana Santa 2025 irán do 6 ao 18 de abril con novidades como como a incorporación dun novo acto procesional na xornada do Xoves Santo, a celebración da Procesión da Oración do Señor na horta das Oliveiras. A programación comezará coa lectura do pregón (6 de abril) na capela das Reliquias na Catedral; o Domingo de Ramos (13 de abril) na Praza de San Fernando con procesión e misa na Catedral; o Xoves Santo coa visita aos monumentos e o Venres Santo coa saída dos pasos dende a Capela da Misericordia até a praza de San Fernando onde terá lugar o Sermón do Encontro.

Pola súa banda, as festas patronais na honra de San Telmo se realizarán do 19 ao 28 de abril destacando o IV Encontro de Viños da Raia; o Encontro Bandas de Gaitas; os tradicionais Xigantes e Cabezaudos; exposicións, teatro infantil, circo, foliadas, pasarrúas, charangas, danza, bandas de música; a Feira Cabalar; os concertos de Herdeiros da Crus, G FACE,



Good God!, Wondercovers, Claxxon, Kubo e djs; as orquestras Olympus e Los Players; a Coral de San Telmo; a XV Semana de Teatro Amador; a Carreira Popular de San Telmo que levará este ano o nome “Memorial Tato”, en honor

ao concelleiro Xosé Martínez Tato, falecido en xaneiro pasado; e a V Gala “Premios Cidade de Tui”.

No marco destas festas tamén se celebrará a Feira do Meixón (11- 28 de abril) como “símbolo da tradición culinaria do río Miño”.

Foro en Sevilla sobre Desenvolvemento Económico

A concelleira de Comercio e Turismo de Tui, Ana Núñez, formou parte da delegación galega que, xunto con Nigrán, Burela e Boiro, participou no VI Foro

Mundial do Desenvolvemento Económico Local celebrado en Sevilla como representante do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Neste encontro, que reuniu

a 3.000 participantes de máis dun cento de países, tamén estivo presente o presidente da Asociación Nacional de Municipios de Cabo Verde, Fábio Vieira.

Carlos Lago diseña o cartaz de San Telmo



O ilustrador tudense Carlos Lago será o autor do cartel anunciador das festas de San Telmo 2025 en Tui. Licenciado en Belas Artes pola Universidad de Salamanca, Lago traballa actualmente como profesor de Educación Plástica

no IES Pino Manso do Porriño. Ten ilustrado libros como “A parte dos anxos” de Emma Pedreira ou “Sibila e a monstruosa festa do Samaín” de Marta Lado Ínsua. O ano pasado realizou a exposición “Reservoir Cans” para o Festival de Cans no Porriño.

MERCATUS aborda a nova normativa en dereito laboral

A Cámara de Comercio de Tui acolleu o IX Encontro de networking da Agrupación Europea de Interese Económico Transfronteirizo MERCATUS na que participaron máis de 40 empresarios de Galicia e do

Norte de Portugal. A xornada analizou as últimas novidades en materia de dereito laboral, particularmente sobre rexistro horario, absentismo, adaptación normativa sobre redución da xornada e desconexión dixital.

“As Prazas de Europa”

A Eurocidade Tui- Valença acollerá o 8 de abril a 20ª edición da iniciativa “As prazas de Europa”, impulsada pola Comisión Europea, en colaboración co Concello de Tui, a Cámara de Valença e Galicia Suroeste. A iniciativa, que coincidirá co 40º aniversario da firma

do Tratado de Adhesión de España e Portugal á CEE, busca por en valor a importancia dos pequenos municipios rurais na promoción dos valores europeos. Terá lugar no Paseo da Corredoira en horario de 18 a 20 h, ou en caso de choiva no espazo sociocultural da rúa Camilo José Cela.



Tui renova as luminarias de acceso á cidade

O Servizo de Electricidade do Concello comezou a cambiar as luminarias nas farolas nos accesos á cidade dende Rebordáns e Randufe, así coma nas rúas Compostela, Casal Aboy e Maristas no centro urbano.

Vanse substituír un total de 238 lámpadas de vapor de sodio por luminarias de tecnoloxía led. Unhas 139 destas están localizadas na N-500. Deste xeito deixarase de emitir máis de 51,46 toneladas de CO2 a atmosfera e aforraranse 144.000 kWh/ano.



Esta actuación suporá un investimento de 61.417,18 €, financiados con fondos propios con cargo á partida correspondente dos Orzamentos de 2024. O cambio de luminarias conlevará un aforro de 17.200€ ao ano en gasto de electricidade.

Empresarios de Vigo e Tui piden a gratuidade na AP-9 e seguridade na A-55

A Entidade Urbanística de Conservación da Granza, a Asociación de Empresarios de As Gándaras, a Asociación Empresarial de Areas e a Cámara Oficial de Comercio de Tui solicitaron ao Goberno central a necesidade de aplicar a gratuidade na AP-9

no tramo Vigo-Tui así como a mellora da seguridade “de forma inmediata” na A-55 ante a súa saturación viaria. Na A-55 transitan diariamente uns 70.000 coches sumando 300 accidentes anuais, toda vez a AP-9 entre Vigo e Tui apenas consegue

movilizar un 10% de vehículos. Indican que esta é a zona de actividade económica achegando máis do 25% do PIB autonómico, destacando a presenza dos parques empresariais da Louriña e Baixo Miño.

Reformas no pavillón de Macoca

O deputado provincial Roberto Carrero visitou o pavillón municipal de deportes da Macoca en Randufe, onde anunciou que a Deputación aprobou unha inxección econó-

mica de 184.000€ para a reforma dos seus vestiarios e outras actuacións complementarias a través do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas. Ao abeiro deste plan, Tui recibirá

este ano un 74% máis de recursos que na anterior edición, cando se beneficiou de 106.000 € con destino á substitución da cuberta e á mellora da ventilación da pista polideportiva de Randufe.

PP: “1,1M€ de despilfarro no Paseo da Corredoira”

O voceiro do PP de Tui, Nico Montes, criticou a decisión do goberno municipal de investir máis de 1,1M€ na peonalización do Paseo da Corredoira cando esta rúa “non precisaba ningunha intervención”, provocando problemas de mobilidade e de acceso ao comercio



local. Toda vez considerou como unha “política de peonalización indiscriminada” denunciou a falta de atención doutras “necesidades urxentes” no casco urbano así como nas parroquias especialmente en materia de “infraestruturas e de servizos”.

Promoción da Eurocidade na BTL de Lisboa



A Eurocidade Tui-Valença promocionouse na BTL, Bolsa de Turismo de Lisboa, cita destacada no eido turístico en Portugal, coa presenza da concelleira de Turismo de Tui, Ana Núñez, e a vicepresidenta da Cámara de Valença, Ana Paula

Xabier, e persoal técnico. A Eurocidade contou cun posto propio no que se deu a coñecer o conxunto histórico de Tui, a Fortaleza de Valença, o río Miño, os montes Aloia e Faro, a gastronomía e o papel no Camiño Portugués a Santiago.

Esixen atención para a rúa Malteses Vello da Guarda



Ante o abandono existente na rúa Malteses Vello nas últimas catro décadas, representantes de dez familias constituíron o 29 de febreiro unha asemblea de vecinos para esixir ao Concello da Guarda un “minimo de compromiso coas súas obrigas como titular da rúa”. Entre as esixencias destacan a limpeza inmediata da rúa e

das transversais; a reparación do pavimento danado e abandonado; o acendido da iluminación do paseo; control e vixilancia para evitar o consumo e venda de drogas así como das infraccións no parking da rúa Mazaracos; e a moderación da megafonía durante as festas. A asemblea non descartou mobilizacións e protestas en caso de persistir este abandono.

Pisos Casas Solares

Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11

PONTEAREAS

Tel.: 986 66 18 18

Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

RESTAURANTE

O Vello Cabalo Furado

R/ Seijas, 2 -baixo. 36700 TUI. Telf: 986 603 800

NATTEx PONTEAREAS

Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 baixo. 36860 Pontareas

T. 986 175 033. M. 618 613 013

nattexpontareas@gmail.com

www.nattex.com

BAIXO MIÑO/VAL MIÑOR

Os TICs e a IA destacan na VIII edición de VíaGalicia

O Startup Day de ViaGalicia, a aceleradora de Zona Franca e o IGAPE, reuniu no Porto do Molle de Nigrán a un centenar de participantes de 36 propostas empresariais co obxectivo de conseguir ingresar nos 23 proxectos elixidos para pasar á seguinte fase de preaceleración da Academia.

Entre as propostas analizadas salíéntanse as relacionadas coas TIC e a Intelixencia Artificial, máis dun 22%: aplicacións, servizos de software ou organización de procesos. Tamén os proxectos do sector da Agroalimentación e a Pesca (17%), e Turismo e Hostalería




(11%). O Delegado da Zona Franca, David Regades, destacou que nas edicións anteriores presentáronse un total de 1.500 iniciativas empresariais que permitiron definir

un modelo de negocio a máis de 200 proxectos. O resultado son 57 startups que superaron no último ano os 45M€, creando máis de 500 empregos de alta cualificación.

De Nigrán ao espacio con "Ossie"

O "Orion" é o primeiro vehículo de transferencia orbital de fabricación española e un dos cinco que existen no mundo, creado no parque empresarial da Zona Franca en Porto do Molle, será lanzado ao espazo no segundo semestre de 2025. Estará cargado de satélites que serán despregados en diferentes órbitas, un revolucionario sistema de transporte que coroa a UARX Space como unha das compañías máis innovadoras do sector aeroespacial, como así recoñeceron desde a propia NASA.

Nunha visita á nave de UARX, o delegado do Estado na Zona Franca, David Regades, acompañado da conselleira de Industria,



o Alcalde de Nigrán e a directora de IGAPE, coñeceron de primeira man os detalles de “Ossie”, que está en período de montaxe, para o que a empresa que lideran Ya-

nina Hallack e Andrés Villa ten todo ultimado para o seu lanzamento nun foguete Falcon 9 desde a base aérea de Vandenberg, en California.

Baiona abre o primeiro Banco Nacional de Area de Praia



No marco do proxecto Iberarenium, alumnado do CPI Cova Terriña participou na recollida de mostras de área de Praia, unha iniciativa pioneira a nivel ibérico para profundar no estudo das praias e promover a ciencia cidadá nun contexto de cambio climático.

0 director do Centro de In-

vestigación Mariña da Universidade de Vigo, Daniel Rey, e o alcalde de Baiona, Jesús Vázquez Almuíña, presentaron este proxecto financiado pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía - Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades (FECYT). O proxecto Iberarenum está aliñado coa Década dos Océanos das Nacións Unidas.

V edición da Mostra de Cinema do Rosal

En xullo e agosto celebrárase a V edición da Mostra de Cinema do Rosal, organizada pola asociación Ghorghalado. Como novidade salientable, este ano haberá dous novos premios; á mellor curtametraxe de contido social e á mellor de contido ou ambientación rural.

O prazo de presentación de curtametraxes rematará o 20 de xuño, facéndose pública a selec-



ción oficial o 6 de xullo. Na edición de 2024 presentáronse máis de 800 curtas e este ano a organización agarda superar a cifra.

ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Yanina Hallak e Andrés Villa | Responsables do proxecto "OSSIE" e propietarios da empresa UARX Space

"O vehículo de transferencia orbital OSSIE é o noso maior desafío"

OSSIE, o primeiro vehículo de transferencia orbital fabricado pola empresa española UARX Space no parque empresarial da Zona Franca en Porto do Molle (Nigrán) será proximamente lanzado ao espazo. É un dos seis que ac-

tualmente existen a nivel mundial, razón pola que a NASA recoñeceu a capacidade innovadora deste proxecto liderado por Yanina Hallak e Andrés Villa, oriúndos da Arxentina que asentáronse en Galicia para crear esta empresa aeroespacial.

Poden explicarnos en qué consiste o proxecto OSSIE e cales son as súas capacidades?

Despois do lanzamento exitoso do noso deployer RAMI en xullo de 2024 no Ariane 6, OSSIE é o noso maior desafío. OSSIE é o primeiro vehículo de transferencia orbital que se está desenvolvendo en España, e un dos 6 que existen no mundo. Un vehículo de transferencia orbital pódese entender que é un "taxi" que leva aos satélites do punto onde os deixa o cohete ata a altura exacta que necesitan.

Nesta primeira viaxe, OSSIE levará 12 pasaxeiros de distintas partes do planeta, satélites privados, públicos e distintos ins-

trumentos para a captación e análises de datos; todos eles permanecerán no interior de OSSIE ata que finalice a misión que durará uns 2 anos, posteriormente o vehículo fará unha manobra para baixar ata a atmósfera e desintegrarse para non xerar basura espacial.

Para cando e dende que lugar se agarda sexa lanzado ao espacio?

O lanzamento de OSSIE será no cohete Falcon 9 de SpaceX, e está previsto para finais do ano. Aínda que sempre pode haber modificacións, xa que, a súa vez, hai moitos factores que coordinar e que si un deles ten un retraso (cousa que é moi habitual) po-

deríase producir unha modificación na fecha de lanzamento da misión.

Cal é a implicación da Zona Franca nesta iniciativa?

Tanto a Zona Franca como a Xunta de Galicia sempre apoiaron o noso proxecto dende o seu inicio. UARX naceu no ano 2020 e as nosas primeiras oficinas foron no edificio aeroespacial da Zona Franca en Porto do Molle.

A Zona Franca e a Xunta estiveron acompañándonos en todo o desenvolvemento do noso proxecto e, por suposto, en OSSIE de igual maneira. Grazas a ese apoio logramos trasladarnos as nosas actuais instalacións, unha nave no polígono industrial de Porto do Molle en Nigrán, que nos permite implementar todos os nosos procesos e poder xestionalos internamente como foi, entre outros, a construción da nosa cámara limpa de 130 metros cadrados para o ensambaxe e acoplamento de OSSIE.

Segundo informacións na prensa estades traballando nun "OSSIE 2". En qué consiste este novo proxecto e en qué se diferencia do anterior?

OSSIE 2 é un paso máis no desenvolvemento da tecnoloxía actual de OSSIE abrindo as portas a novos escenarios. Non podemos dar moita máis información xa



"Un vehículo de transferencia orbital é como un 'taxi' que leva aos satélites do punto onde os deixa o cohete ata a altura exacta que necesitan"

que é un proxecto que aínda está en desenvolvemento, pero o que si podemos confirmar é que xa temos varios contratos con empresas internacionais que solicitan o servizo que prestará o novo OSSIE

Tal e como recoñeceu a NASA, UARX Space é unha das empresas máis innovadoras en materia aeroespacial. Tendo en conta a súa localización en Nigrán, este recoñecemento tamén coloca a Galicia no mapa global da investigación espacial. Neste sentido, e ademais de OSSIE, existen outros proxectos que podan mencionar como relevantes nesta materia?

A inclusión da nosa empresa no "State of the Art" da NASA é un gran recoñecemento a todo o equipo, xa que para que a empresa

poida manterse neses niveis de innovación ten que ter un gran equipo detrás que o desenvolva. En canto á ubicación da nosa empresa, dende o principio quixemos que estivese asentada en Galicia, e queremos que esto sega así e demostrar que pódese chegar de "Nigrán ata o espacio".

En canto a novos proxectos estamos traballando na comercialización da nosa familia de aneis de separación, que son válidos para satélites dende 30 ata 650kg. Ademais a comezos deste ano presentamos na Feria Internacional de SSSIF 2025 en Málaga, a nosa estrutura para pequenos satélites STAR 50, que xa están a revolucionar o mercado de lanzamento de pequenos satélites. Pronto haberá moitas máis novidades que, de momento, non podemos contar.



"A inclusión da nosa empresa no 'State of the Art' da NASA é un gran recoñecemento a todo o equipo"

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS

Telfs.:
 Oficina: 986 642 507
 Pancho: 616 940 394
 Cristina: 679 959 797

Avda. Ciclista
 Dello Rodríguez nº4 baixo
 36860 Ponteareas
 agrovitis@agrovitis.es
 www.agrovitis.es

CRISel
 CONGELADOS

Abrimos de 9:00 a 20:30h

Merluza austral de a bordol!

Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
 Telf: 672 805 235 - Ponteareas

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS

VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
 PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

As Catedrais educativas de Galicia

O conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, mantivo a primeira reunión co equipo de traballo do novo proxecto As catedrais educativas de Galicia, co que a Xunta quere poñer en valor o patrimonio histórico, arquitectónico e educativo de 25 centros de ensino senlleiros

Estes centros son os IES Fernando Blanco (Cee), Eusebio da Garda (A Coruña), Salvador de Madariaga (A Coruña), Concepción Arenal (Ferrol), Rosalía de Castro (Santiago de Compostela), San Clemente (Santiago), Xelmírez I (Santiago de Compostela), Lucus Augusti (Lugo), Nosa Sra. Dos Ollos Grandes (Lugo), San Rosendo (Mondoñedo), Celanova-Celso Emilio Ferreiro (Celanova), Otero Pe-



drayo (Ourense), Universidade Laboral (Ourense), Escolas Proval (Nigrán), Valle-Inclán (Pontevedra), Sánchez Cantón (Pontevedra), Santa Irene (Vigo) e San Tomé de Freixeiro (Vigo).

No caso dos centros integrados de FP, inclúense o de Formación Profesional Universidade Laboral

(A Coruña), Politécnico de Santiago, A Granxa (Ponteareas) e Manuel Antonio (Vigo). Seleccionáronse, ademais, a Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón (Lugo), o Conservatorio Superior de Música de Vigo e o Centro de Educación Especial CEE Saladino Cortizo (Vigo)

Henrique Monteagudo novo presidente da RAG

Este 4 de abril, a Real Academia Galega investiu en pleno extraordinario ao catedrático de Filoloxía Galega (USC) Henrique Monteagudo como o seu novo pre-

sidente tras rematar a etapa de oito anos de Víctor Freixanes ao fronte desta institución. A de Monteagudo foi a única candidatura que se presentou para esta cargo.



“O Século do Milagre. A consagración de Compostela”

Un libro revelador que desmitifica historias en torno ao Apóstolo e o Camiño

O escritor Rodrigo Costoya Santos (Torrelavega, 1977) presenta o seu novo libro “O Século do Milagre. A consagración de Compostela” (Editorial Pàmies, 2025), un texto que desmitifica diversos aspectos históricos sobre a orixe de Compostela e do Camiño de Santiago.

O autor considera como lendas algunhas das historias que nos resultan tan familiares como o nacemento de Compostela polo eremita Paio, guiado por unhas luminarias ata a tumba do Apóstolo Santiago e o nome de Campus Stellae. Ou que o rei Afonso II foi o primeiro peregrino da historia.

As súas investigacións afirman que no sepulcro sen identificar non había mais nada que un burgo modesto e unha pequena igrexa e que o propio Vaticano desmentiu que aí estivera a tumba de Iacobus, incluso excomul-



gando a algún bispo por defender esa tese. Explica tamén como foron creados o arcebispado de Compostela e a Catedral que corou reis, entronizou Papas, colocou a Compostela á altura de Roma e Xerusalén e fixo do Camiño de Santiago un referente pioneiro para a construción de Europa.

Capítulo da Irmandade dos Vinhos Galegos

A Irmandade dos Vinhos Galegos celebrou o pasado día 15 seu Capítulo do equinoccio de primavera, en Ribadavia. Reuniu a 60 irmandinhos de toda Galiza, mais da Confraria do Vinho Verde de Portugal, para oficiar, na Sala do Museu Etnolóxico, uma cata cega de vinhos das cinco D.O. galegas, apresentada e ilustrada polo enólogo Luis Padín, um aperitivo-tertulia na praça inmediata ao rio Avia, na capela da Madalena, dessacralizada, baixo a cúpula do antigo altar maior, lembrança aos irmandinhos no além, e na propia igreja, adequada a tal fim, almoço com pratos principais de polvo à feira, carne

ao caldeiro e doces propios de Ribadavia, todo regado com vinho tinto e branco Albar, da adega Nairoa.

A foto responde ao brinde tradicional no almoço, ja sem capa nem chapéu, no interior da igreja no que o Preboste, Nemésio Barxa, alza a copa e utilizando antigas formulas monásticas dí, em Latin; "Irmandinhos, Sursum Corda" (levantemos os corações) ao que respondem "habemus ad vinum galego" (os temos levantados ao vinho galego); regresando a última hora da tarde, sem novidade, cada moucho a seu olivo.



CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

Reforzo Escolar

MOTIVACION
TÉCNICAS DE ESTUDIO
PREPARACIÓN DE EXAMES
ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Avda de Galicia, 4- 1º PONTEAREAS
Telf: 675 088 316
info@academiatempos.es

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDIOS